



CURSO MONITOR COMEDOR ESCOLAR

Curso orientado á formación das persoas que xa traballan neste ámbito ou están interesadas en facelo.

As persoas que fagan este curso obterán un diploma acreditativo e ademais o Carné de manipulador de alimentos.

Realizarase os días 29, 30 e 31 de outubro de 2018, de 9:30 a 13:30 horas, no local Sociocultural da Barcala.

Nº de prazas: mínimo, 8 e máximo, 25.

Requisitos: maior de idade.

Tarifas e pagamento: As tarifas e reducións serán as reflectidas no Acordo regulador de Prezo Público por Actividades Xuvenís vixente. Sendo un total de 20,00 euros.

Programación, días, horario:

O curso está baseado en tres bloques de contido:

- 1.- A seguridade do alumnado.
- 2.- Animación.
- 3.- Nutrición e hixiene.

A falta de asistencia pode ser dun 10% do total de forma xustificada.

CONDICIÓNS DE INSCRICIÓN:

INSCRICIÓN: do 13 ao 20 de setembro Recoller e entregar a solicitude de inscrición en calquera dos rexistros municipais de Cambre.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS: No caso de haber máis solicitudes que prazas, haberá **sorteo o día 24 de setembro** ás 12 horas, nas oficinas municipais de Educación situadas na Barcala.

Terán preferencia en primeiro lugar as persoas empadroadas en Cambre, en segundo lugar os que traballan no municipio de Cambre e as prazas baleiras poderán ocupalas os veciños doutros concellos.

Para saber se o solicitante está admitido na actividade deberase chamar ao tf.: 981 613 291 **a partir do día 25 de setembro.**

A falta de asistencia á actividade na que un alumno estea inscrito non dará dereito á devolución do importe.

Estas condicións réxense pola Ordenanza Reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, publicada no BOP núm.81, do mércores 30 de abril de 2014.